



*ASOCIACIÓN REDE DE
MULLERES VECIÑAIS
CONTRA OS MALOS
TRATOS*

MEMORIA

ANO 2022



ASOCIACIÓN REDE
DE MULLERES VECIÑAIS
CONTRA OS MALOS TRATOS
DE VIGO

1.- A REDE DE MULLERES

1.1 PRESENTACIÓN:

A Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos, ten como obxectivo atender ás demandas que día a día nos expoñen as mulleres que se achegan á Asociación, polo que dende o ano 1998 traballamos no acompañamento ás mulleres en procesos de violencia abarcando todas as necesidades detectadas, así como na formación en xénero e a denuncia social.

O traballo que imos desenvolvendo, sempre realizado dende unha perspectiva de xénero, enmárcase en catro areas:

- **Concienciación, prevención e denuncia social**, difundindo os valores de igualdade entre as persoas, con especial incidencia nos centros de ensino e nas familias, fomentando a coeducación, cunha participación activa nos movementos sociais.
- **Formación en materia de xénero e violencia de xénero**, promovendo foros e cursos de formación.
- **Asistencia e acompañamento integral** a mulleres en procesos de violencia.
- **Reincorporación psico-social**, promovendo o benestar e a mellora da calidade de vida das mulleres, a través de proxectos que abarcan a área psicolóxica, física e social.



A experiencia adquirida, a través da intervención directa e da análise da realidade da violencia de xénero e do contexto social onde esta ten lugar, podemos constatar a importancia que adquiren as accións preventivas, de detección temperá, de capacitación das e dos profesionais, etc. pero sobre todo constatamos a **importancia do acompañamento social**, próximo e dende a **relación horizontal** que se establece a través das **asociacións de mulleres**, unha intervención que se torna fundamental para que elas mesmas poidan superar os procesos de violencia e minimizar as secuelas de ditos procesos. Consideramos fundamental que a intervención que se leve a cabo debe ser realizada dende unha **perspectiva de xénero**, que teña en conta as necesidades específicas das mulleres, así como os seus tempos e necesidades. É imprescindible o seu empoderamento, accedendo a unha intervención por parte dos e das profesionais sen estigmas de xénero e dende un enfoque feminista, tendo sempre en conta a súa diversidade tanto a nivel social como persoal.

O acompañamento ás mulleres en procesos de violencia é fundamental para a eliminación das secuelas da violencia de xénero. A **axuda mutua** unido a ter un **punto de encontro** como é a Rede de Mulleres, serve para **romper o illamento** social e familiar ó que están sometidas cando rompen con esta situación. Por todo elo creemos fundamental o traballo que está a realizar a Rede de Mulleres, tanto no ámbito da prevención e formación, como na intervención con mulleres, directa e próxima.



1.2.- A ASOCIACIÓN:

A Asociación conta cunha Xunta Directiva composta por: Presidenta, Vicepresidenta, Secretaria, Tesoureira e 5 Vocais. Reúnese tres veces ó mes. Celébrase unha Asemblea Ordinaria anual, e aquelas outras extraordinarias que sexan necesarias.

A Rede de Mulleres Contra os Malos Tratos forma parte do Consello Municipal da Muller, órgano consultivo do Concello de Vigo e do Consello Galego das Mulleres.

Contamos cun "Punto Informa" dirixido ás mulleres, o cal permanece aberto mañá e tarde co seguinte horario:

Mañás: de 09.00 a 14.00 h.

Tardes: de 16:00 – 21:00 h.

*Nos meses con horario de verán, a oficina estará aberta ininterrompidamente de 8h a 21h.

A Asociación ten asinado un convenio de colaboración coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, coa Xunta de Galicia e coa Deputación de Pontevedra, así como outras subvencións para a realización de diferentes programas co fin de cumprir os obxectivos da Asociación.



1.3. OBXECTIVOS DA REDE DE MULLERES:

- ***O acompañamento social integral a mulleres en procesos de violencia.***

Minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia, a través do empoderamento e da práctica con perspectiva de xénero, da información dos procedementos e dos servizos e do acompañamento no seu proceso de recuperación psico-social e laboral.

- ***Eliminación da violencia.***

Un dos obxectivos principais da Asociación é a eliminación da violencia contra as mulleres en todos os ámbitos, mediante a prevención e a concienciación de todos os e as axentes sociais, institucións e colectivos.

- ***Promover a mobilización da sociedade.***

Mediante a presenza na rúa ou co contacto regular cos medios de comunicación e cos e coas profesionais que traballan no ámbito de actuación da Rede de Mulleres, involucrando a toda a sociedade no noso proxecto, co fin de concienciar sobre a verdadeira realidade da violencia de xénero, cómo afecta á vida diaria de todas as mulleres e, en xeral, a toda a sociedade.




OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover a **plena recuperación psico-social** das mulleres en situación de violencia, mediante un **programa de acompañamento integral** que posibilite a execución dos seus dereitos e a mellora da súa calidade de vida.
- Facilitar **apoio profesional especializado** para acompañalas activamente tanto a nivel persoal (autoestima, apoio emocional, ...) como a nivel social (trámites, recursos...) para promover o seu acceso ós recursos comunitarios.
- Ofrecer un **acompañamento e apoio individualizado** dinamizador das capacidades e recursos persoais e sociais das mulleres atendidas, que permita, sempre dende a perspectiva de xénero, ir superando as dificultades que poden minar os seus procesos de recuperación.
- Desenvolvemento e fomento da participación en **actividades relacionais**, actividades de ocio e tempo libre, actividades sociais, actividades formativo-laborais, etc.
- A **formación en xénero**, impartindo unha formación de calidade con profesionais expertas en xénero e violencia de xénero.



1.4.- EIXES DE ACTUACIÓN E PROXECTOS REALIZADOS DENTRO DO

CONVENIO DE COLBORACIÓN:



2.- MEMORIA DE ACTIVIDADES

2.1.- ACOMPAÑAMENTO SOCIAL

- Acompañamento a todos os trámites que precisen.

- Orientación ás mulleres e derivación ás entidades cunha intervención adaptada á súa situación, ofrecendo información sobre os centros especializados para as mulleres, especialmente no Concello de Vigo (Centro de Información, Centro de Emerxencia, recursos en xeral da Comunidade Galega e do resto do Estado).

- Seguimento das intervencións realizadas.

- Cada caso atendido é rexistrado cumprimentando unha ficha, na que se recollen e tratan con carácter confidencial, os datos persoais das mulleres, a súa situación no momento da primeira intervención, a intervención realizada polas voluntarias e as profesionais da Rede, os resultados obtidos e o seguimento efectuado.



a) **OBXECTIVOS:**

- Favorecer a reincorporación psico-social das mulleres en procesos de violencia.
- Evitar o illamento das mulleres no seu proceso de reincorporación psico-social.
- Facilitar o acceso ós recursos sociais, así como facilitar a xestión dos trámites (apoio técnico e asesoramento na presentación das solicitudes).
- Xestión individualizada de casos levando a cabo intervencións integrais adaptadas a cada situación.
- Favorecer unha relación horizontal entre profesional e usuaria, fomentando a Asociación como punto de encontro e de axuda mutua entre as propias mulleres e evitar a vitimización secundaria á que se ven sometidas cando acoden ás diferentes institucións.

b) **ACTIVIDADES:**

- Apoio social: Cooperación e información

A partir do apoio social ofrecido pola Rede non só se poden obter importantes recursos sociais, información e axuda, senón tamén deriva nun sentimento de pertenza e de integración con importantes implicacións para o benestar individual e colectivo.



O apoio social ten como obxectivo a intervención e o acompañamento integral, informando ás mulleres e cooperando co resto das institucións e asociacións para a atención integral ás mulleres.

Dentro dos beneficios do apoio social están a mellora da autoestima e da seguridade, ámbitos principais de intervención con mulleres en procesos de violencia para a consecución dos obxectivos das intervencións. O acompañamento social realizámolo nos seguintes ámbitos:

- Trámites legais e sociais:

Acompañamento ás mulleres naqueles trámites legais e sociais que precisen iniciar: avogacía, policía, xulgados, centros de saúde, etc.

- Puntos de Encontro:

Servizos de acompañamento para o intercambio das e dos menores. Poden realizarse no propio punto de encontro ou nos lugares designados polas usuarias.

- Acompañamento a xuízos:

Asistencia a xuízos en causas de violencia. Asistiuse como acompañantes das mulleres que o solicitaron ou das que foron derivadas por parte dos diferentes órganos institucionais.



- Seguimento dos casos atendidos:

Seguimento dos casos atendidos, mantendo contacto frecuente coas mulleres, para coñecer a súa evolución e atendela no que precisen, así como para avaliar o funcionamento da Rede e a dos servizos recibidos nos centros de derivación.

2.2.- CONCIENCIACIÓN, PREVENCIÓN E DENUNCIA SOCIAL

Realización de diferentes actividades para visibilizar a nivel social a loita pola consecución da igualdade, as consecuencias das relacións violentas así como a denuncia pública dos casos de asasinatos.

a) OBXECTIVOS:

- Fomentar a concienciación social sobre a violencia de xénero e o sistema social machista imposto.
- Información xeral sobre violencia de xénero e sobre as posibles formas de abordar esta problemática.
- Información sobre recursos, para que a poboación interesada poida colaborar no desenvolvemento das actuacións.
- Formación especializada para todos os sectores profesionais.



b) **ACTIVIDADES:**

- **Concentracións mensuais:**

Dende o ano 2000 a Rede deu un importante paso, conseguir que un día ó mes se sinta na rúa a voz das mulleres en contra da violencia de xénero. O último xoves de cada mes, a Rede convoca públicamente a súa concentración mensual no centro da cidade. Nela dáse a coñecer a realidade da violencia de xénero en todas as súas manifestacións, e se denuncian os asasinatos por malos tratos e as agresións a mulleres froito desa violencia. Nos últimos anos a Rede invita a colaborar, na realización e lectura do comunicado, a diferentes actrices e actores, a persoas do mundo da arte en xeral, ós colectivos e asociacións de mulleres, etc. Este ano colaboramos coa Asociación Provivienda, convidando a un grupo de mulleres afganas para denunciar a situación na que se atopan.

- **Campaña contra a violencia de xénero, 25 de novembro, día internacional contra a violencia de xénero.**

Participación na manifestación do feminismo unitario.

Participación no pleno polo 25 de novembro no Concello de Vigo, organizado polo Consello Municipal das Mulleres e nas actividades programadas.

- **Presenza nos medios de comunicación:**

Ademais das sucesivas campañas de divulgación realizadas por parte das mulleres da Rede, periódicamente se convocan aos medios de comunicación e se emiten comunicados de prensa facendo campañas de concienciación.



Tamén se participa de forma periódica nos medios de comunicación, prensa, televisións e emisoras de radio, etc.

- **Asistencia a actos oficiais:**

Concentracións en repulsa dos asasinatos por violencia de xénero acontecidos en Galiza e organizados polos colectivos de mulleres de Vigo en coordinación co resto de colectivos da Comunidade Autónoma.

Asistencia ós actos organizados polo Consello Municipal das Mulleres para o 8 de marzo.

- **Realización da campaña postal na rúa "postalfree": "Tí cortas os fíos":**

A Rede iniciou no ano 2007 unha nova campaña, importante cara a concienciación social, onde se reparten ó longo de todo o ano, e de forma gradual e de balde, postais en lugares de gran afluencia pública e de xente nova: pubs, cafeterías, zonas de ocio e tempo libre ...

O deseño da campaña amosa unha realidade que invita á reflexión sobre a dependencia e o control exercido sobre as mulleres, ao mesmo tempo que se ofrece o enderezo e o número de teléfono da Rede.

- **Páxina web e redes sociais:**

Difusión de actividades, novas acerca da violencia de xénero, recursos e subvencións. Dirección: rededemulleres.org, tamén en Facebook e Instagram.



- **Aportacións teóricas:**

Participación nos **encontros organizados dende a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero**, durante os meses de febreiro e marzo para avanzar no deseño da Estratexia Estatal contra as violencias machistas 2022-2025.

Participación na **"Semana Galega de Filosofía: Galiza e as contrahexemonías"**, participando nunha mesa redonda o mércores 20 de abril.

- **Informes de denuncia:** de situacións de inxustiza social, xurídica ou outras sufridas por mulleres, elaborando tamén un listado de feminicidios, onde se inclúen, non só ás mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas, senón todos os feminicidios. No listado se especifican datos coma, por exemplo, se tiñan orde de afastamento, denuncias previas, etc. Este listado está colgado na Páxina web.

- **Reparto de información:**

Realizouse un reparto de publicidade sobre os recursos en materia de violencia de xénero, trípticos e información a colectivos que teñen un contacto directo co tratamento da violencia de xénero ou onde poden acudir mulleres: Centros de Saúde, Xulgados, Escolas, etc.



- Participación activa e colaboración con diferentes organizacións e

organismos:

- Consello municipal da muller e Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

- Universidade de Vigo para a formación do alumnado da **UNED**, a través da realización dun video informativo.

- Colaboración coa **Universidade de Girona** para unha investigación sobre violencia de xénero.

- Colaboración co **Ministerio de Igualdade** na investigación "Violencia institucional contra las madres. Aplicación del falso síndrome de alienación parental (SAP)".

- Fundación Amigó, colaboración coa Fundación para o "Proyecto convivendo", sobre atención e intervención familiar.

- Provivienda, asociación sen ánimo de lucro para mellorar a realidade socioresidencial, mediando no aluguer das vivendas e na convivencia en vivendas compartidas.

- Cogami, organización para a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.



- Fundación Feafes: Organización para mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno mental e a das súas familias, defender os seus dereitos e representar ao movemento asociativo creado ao redor da saúde mental.

- Cáritas.
- Fundación Érguete.
- Banco de alimentos AFAN.
- Diversidades
- SOS Racismo.
- SOS Sanidade.
- Fundación Diagrama.
- Amino Galicia.
- Clece.
- Fundación CIP.
- Adicam.

2.3.- FORMACIÓN E FOMENTO DO OCIO

a) OBXECTIVOS:

- Promover a formación en xénero e en violencia de xénero.
- Favorecer o coñecemento das teorías de xénero así como os procesos propios da violencia de xénero.
- Favorecer a adquisición de habilidades na prevención e na intervención fronte a violencia machista.
- Facilitar os medios instrumentados e articulados que permitan lograr unha detección máis eficaz e operativa dos malos tratos inflixidos a menores, mocidade e a mulleres en xeral.



- Incorporación de modelos igualitarios e da propia valoración persoal.
- Incrementar a potencialidade das mulleres nos procesos de toma de decisións así como na súa participación social, favorecendo cambio real na súa situación persoal.
- Desenvolver o bo trato e as boas prácticas.

b) **ACTIVIDADES:**

- Colaboración para a formación de **alumnado en prácticas**. Tivemos 1 alumna de Educación social, 2 alumnas do Posgrado de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela e 2 alumna de Traballo Social da Universidade de Vigo.

- **CURSO DE FORMACIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O VOLUNTARIADO:**

Formación para ampliar o número de voluntarias e ofrecer formación continua ás persoas que xa colaboran coa Asociación.

Cada curso consta de dous módulos, na primeira fase, ofrécese información xeral sobre as actuacións en casos de violencia e sobre os servizos existentes na materia, contando coa presenza de profesionais que interveñen na cidade; a segunda fase é impartida por unha psicóloga clínica, consiste en formación sobre a intervención en casos de violencia.



Levou se a cabo o 23,24,25, 26, 30 e 31 de maio e 1 e 2 de xuño, na Oficina Municipal de Distrito Casco Vello.

PROGRAMA

- **Intervención dende a "REDE DE MULLERES" 23/05/2022:**

18,00 h "ENTREGA DOCUMENTACIÓN".

18,15 h "INAUGURACIÓN": Uxía Blanco Iglesias. Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo.

18.30h. A IMPORTANCIA DA REDE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Rosa Fontaíña Pazos Coordinadora da Rede de Mulleres.

19.00h A INTERVENCIÓN DENDE O TRABALLO SOCIAL. Raquel Doval Carregal, traballadora social da Rede de Mulleres.

19.30h Contido da formación para o voluntariado. Carmen Claveria Prada., Psicóloga clínica da Rede de Mulleres.

20.00h Coloquio.

- **Intervención dos corpos de seguridade 24/05/2022:**

18,30 h "EVOLUCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO" Maite Feijoo García. Policía Autónoma do grupo vioxen.

19,00 h "FUNCIONS E ACTUACIONES DA U.F.A.M. EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO" Natalia Feijoo Álvarez. Equipo da (UFAM) Protección do Corpo Nacional de Policía.

19,30 h "COMETIDOS E LABORES XERAIS QUE DESENVOLVE A UNIDADE NAS ORDES DE AFASTAMENTO". Pablo Antepazo Brun. Equipo de Vixiancia e Apoio Policial (EVAP).



20,00 h "FUNCIONS DA GARDA CIVIL NA PROTECCION DAS MULLERES"

Irene García Díaz. Axente da Garda Civil Especialista no Equipo de Mulher-Menor (EMUME)

20,30 h Coloquio

- **Intervención dende os Xulgados 25/05/2022:**

18,00 h "A INTERVENCIÓN DA LETRADA NOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". Ester Alonso Rodríguez, Colexio de Avogados de Vigo da quenda de Violencia de Xénero.

18,30 h "UNHA PERSPECTIVA PRÁCTICA DA INSTRUCCIÓN PENAL NOS DELITOS DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER NOS XULGADOS MIXTOS". Belén Rubido de la Torre, Maxistrada do Decanato de Pontevedra do Xulgado do Penal especializado en Violencia de Xénero.

19,00 h "INTERVENCIÓN DO MINISTERIO FISCAL DENDE O INICIO ATA A FASE DE EXECUCIÓN DO PROCEDEMENTO PENAL". Oscar Vladimir Vallejo Torres. Fiscal da Fiscalía da Área de Vigo.

19,30 h "INFORMACIÓN E ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA". Mercedes Vázquez Piñeiro. Oficina de Atención á Cidadanía e Asistencia a Víctima, no Xulgado de Vigo.

20,00 h "ATENCIÓN PSICOLÓXICA A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". Carmen Clavería Prada. Psicóloga da Asociación Rede de Mulleres contra os malos tratos de Vigo.



- **Intervención dende os SS.SS. 26/05/2022:**

18,00 h "UN ACERCAMENTO Á REALIDADE XURÍDICA". Ana Kowalsky Bianchi. Avogada do Centro de Información Municipal dos Dereitos da Muller. (C.I.M.)

18,30 h "COMETIDO E FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE EMERXENCIA". Elena Molanes Piñeiro. Directora do Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia.

19,00h "RECURSOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". Chelo Neira Leis, Directora CRI e Coordinadora da Rede Galega de acollemento.

19,30 h Coloquio

20,00 h Concentración coma cada último Xoves de mes - Museo Marco

2ª FASE

Formación para o voluntariado os días 30,31 de Maio e 1, 2 de Xuño de 2022:

18,00h a 21,00h: Formación en xénero coa Psicóloga da Rede de Mulleres, Carmen Clavería Prada.

- PROXECTO "CAMIÑOS AO BO TRATO":

En colaboración co Concello de Vigo e coa Deputación de Pontevedra para a realización do proxecto "Camiños ó Bo Trato", que consiste en sesión formativas sobre xénero e violencia de xénero, a diferentes colectivos entre os que se atopan:

- nais/pais/titores.



- grupos profesionais.
- asociacións, vogalías, colectivos etc.
- mulleres e homes.
- mocidade (colexios e institutos).

As **temáticas** a tratar son as seguintes:

Estereotipos sociais e culturais.

Evolución da personalidade. Identidade feminina e masculina.

Malos Tratos: vínculo e ciclos.

Persoa maltratadora, estratexias de violencia.

Crianzas e mozas como vítimas de violencia.

Detección temperá.

Habilidades para establecer relacións de bo trato.



Neste semestre do ano realizáronse un total de 42 obradoiros cos seguintes

colectivos:

COLEXIO/ASOCIACIÓN	DATA	NÚMERO DE OBRADOIROS
CARLOS CASARES	23/11/2021	13
	24/11/2021	
	04/04/2022	
	05/04/2022	
	19/04/2022	
	20/04/2022	
	27/04/2022	
ALBORADA	23/12/2021	1
OTERO PEDRAYO	03/12/2021	1
SAN JOSÉ DE LA GUÍA	02/02/2022	5
	07/04/2022	
	25/05/2022	
	27/05/2022	
SANTA TEGRA TEIS	04/02/2022	1
CEIP A PAZ	09/02/2022	1
CEIP CHANS	11/02/2022	2
CEIP BEMBRIVE	12/05/2022	2
ESCUELAS NIETO	16/02/2021	4



	17/02/2021	
IES BEADE	08/03/2022	6
	11/03/2022	
	23/03/2022	
QUINTELA REDONDELA	28/03/2022	2
CEIP RÍA DE VIGO	25/04/2022	1
CEIP LOPE DE VEGA	28/04/2022	3
	TOTAL	42

- **XORNADA "ABRINDO NOVOS CAMIÑOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO":**

Celebrada o 22 de setembro na Oficina Municipal de Distrito Casco Vello.

Realizamos esta xornada co fin de coñecer as diferentes metodoloxías empregadas, o traballo dende a perspectiva de xénero e as liñas de intervención fundamentais de cara o futuro. Un dos nosos obxectivos é potenciar o coñecemento mutuo e a coordinación entre as organizacións para a consecución dunha sociedade libre de violencias baseada nunha xustiza real e efectiva.

Nesta ocasión realizamos o **obradoiro para profesionais "Poñendo os lentes"**, para a **prevención do abuso infantil**. Foi impartido por **Amino Galicia**.



Os **contidos** foron os seguintes:

- Tipoloxía da violencia contra a infancia e abuso sexual infantil.
- Falsos mitos.
- Características da vítima e da persoa agresora.
- Indicadores de detección.
- Ferramentas de prevención.
- Actuación profesional coa vítima.
- Intervención coa familia.
- Notificación.

- **FORMACIÓN PERMANENTE PARA VOLUNTARIADO:**

Realizaouse unha xornada o 6 de xullo na Oficina Municipal de Distrito Casco Vello, co fin de ofrecer formación actualizada e contínua ó voluntariado da Asociación en trámites xudiciais, policiais, de servizos sociais e de habilidades sociais no acompañamento ás mulleres. É impartida por M^a del Carmen Clavería Prada. Si se detectan procesos emerxentes, poderán ser considerados como temáticas a desenvolver noutro obradoiro, dentro do proceso de formación permanente.



– As **temáticas** foron as seguintes:

- O compromiso das voluntarias na Asociación.
- O protocolo de funcionamento.
- A confidencialidade na intervención.
- A Identidade persoal, de xénero e como voluntarias.
- A saúde emocional e social.
- Mobilización de recursos internos e externos.
- Aprendizaxe e concienciación das crenzas persoais.
- Promoción de condutas saudables nas relacións grupais.

- **COLABORACIÓN CON MÉDICOS DO MUNDO:**

Obradoiro sobre o dereito de asistencia sanitaria de persoas migrantes. O día 29 de xullo de 10.30h. a 12.30h. na Oficina Municipal de Distrito Casco Vello.

Co obxectivo de mellorar a atención integral ás mulleres realiamos esta formación para o personal e as voluntarias sobre dereito a asistencia sanitaria. O obxectivo principal é adquirir os coñecementos necesarios para seguir desenvolvendo habilidades que permitan ó persoal un desempeño máis operativo das súas funcións e mellorar o proceso de contención e de comunicación psico social coas mulleres en procesos de violencia e co entorno.



- PUNTO DE INFORMACIÓN PARA NAIS E PAIS:

Na nosa sociedade as familias hoxe en día enfróntanse a unha sociedade que evolucionou moi rapidamente, e con ela a familia, a mocidade, a contorna foron tamén transformados profundamente. Así pois moitas veces atopámonos con que os pais e nais non dispoñen das ferramentas para afrontar os novos retos.

O punto de información para nais/pais/titoras xurde como resposta a estas carencias e inquiredanzas. A información pode ser solicitada por centros docentes, organismos tales como concellos e asociacións que o desexen e as propias familias.

- FORO ABERTO POLO 25-N: OBRADOIRO "AMOR A TODO GAS"

O presente obradoiro amosa unha serie de actividades e ideas para pensar a idea de amor que manexamos; como amamos, nos amamos e nos sentimos amadas, e como as veces amar e ser amada implica riscos, canto deles coñecemos, asumimos e ou combatimos. Unha das principais causas da violencia de xénero é a falta de educación emocional, sobre como establecer relacións sás, polo que este é un dos obxectivos da realización deste obradoiro. Pensar o amor para saír de opinións e poder entendernos e entender mellor así aos outros e ás outras.

OBXECTIVOS:

- Aportar un espazo para pensar o amor
- Potenciar ideas desde a disciplina sexolóxica sobre o amor
- Traballar as ideas que manexamos e se manexan do amor
- Entender as distintas formas de amar



- Pensarnos sen o outro/a
- Pensar en formas de amar que poden atraer riscos e como nos situamos

neles

CONTIDOS:

- O amor
- Ser cos outros/as
- A fragilidade: fortaleza e vulnerabilidade
- A ruptura

- **FORMACIÓN INTERNA PARA AS PROFESIONAIS DA REDE DE MULLERES SOBRE ABUSO SEXUAL INFANTIL:**

Dentro da nosa práctica profesional na atención a mulleres en procesos de violencia, detectamos a necesidade da formación continua en temas directamente relacionados coa nosa intervención. Un deses ámbitos é a detección do abuso sexual infantil, ligada directamente en moitas ocasións, á violencia exercida sobre as súas nais. Por este motivo realizouse unha colaboración coa asociación AMINO, para levar a cabo unha formación interna cos seguintes contidos:

Os **contidos** foron os seguintes:

- Tipoloxía da violencia contra a infancia e abuso sexual infantil.
- Falsos mitos.
- Características da vítima e da persoa agresora.
- Indicadores de detección.



- Ferramentas de prevención.
- Actuación profesional coa vítima.
- Intervención coa familia.
- Notificación.

2.4. **REINCORPORACIÓN PSICO-SOCIAL**

a) **OBXECTIVOS:** Actividades orientadas á consecución do benestar integral das mulleres e da súa participación social plena, fomentando o benestar social e persoal das mulleres, a axuda mutua e o establecemento de redes de apoio, así como a súa reincorporación laboral.

b) **ACTIVIDADES:**

- **OBRADOIROS DE AUTOESTIMA:**

Os días 10, 17, 24 e 31 de outubro na Casa Galega da Cultura, de 16.30h. a 19.30h. e 12, 19 e 26 de setembro. Nestes obradoiros analizáronse a identidade feminina e as mensaxes de xénero recibidas dende a infancia, e a súa influencia no nivel de autoestima das mulleres, potenciar os recursos persoais mediante o aumento do coñecemento e a aceptación de sí mesmas, valorando as dúas propias experiencias pasadas, reflexionar acerca dos cuidados e asumir novas condutas de autocoidado que promovan unha estabilidade da autoestima e establecer novos propósitos vitais definindo tamén as metas.



- OBRADOIRO DE ASERTIVIDADE:

O Obradoiro de Asertividade xurdiu a partir das suxerencias das participantes do Obradoiro de Autoestima, que mostraron o seu interés por incidir de forma máis extensa neste aspecto.

O taller desenvolveuse o día 28 de novembro, en horario de 16:00 a 20:00, no Salón de Actos da Casa Galega da Cultura en Vigo, cun grupo reducido de 6 mulleres participantes.

A asertividade abordouse mediante exposicións teóricas e dinámicas participativas, formando parte de grupos de discusión e resolvendo casos prácticos, expostos por parte da formadora ou empregando exemplos das propias participantes.

Practicáronse diferentes estratexias de comunicación e resolución de conflitos mediante roleplay nun espazo controlado e seguro para todas.

Os temas a tratar foron:

1. Definición de asertividade.
2. Análise dos diferentes perfiles comunicativos (pasivo, asertivo, agresivo).
3. Relación entre asertividade e autoestima/autorrespeto.
4. Establecemento de límites.
5. Aprendizaxe de estratexias comunicativas saudables e efectivas.

A avaliación realizouse de forma continua ao longo de cada sesión tendo en conta a participación, a exposición de argumentos e a observación sobre os cambios na confianza das participantes á hora de practicar a asertividade.



- OBRADOIRO DE AUTOCOIDADO:

O Obradoiro de Autocoidado xurdiu a partir das suxerencias das participantes do Obradoiro de Autoestima, que mostraron o seu interés por incidir de forma máis extensa neste aspecto, xa que se abordara nunha sesión deste taller. O taller desenvolveuse o día 12 de decembro, en horario de 16:00 a 20:00, no Salón de Actos da Casa Galega da Cultura en Vigo.

O autocoidado abordouse mediante dinámicas participativas e compartindo experiencias das propias participantes. Enfatizouse a importancia das rutinas no día a día, o equilibrio entre traballo e tempo libre e as necesidades sociais adaptadas a cada muller.

Ao final do obradoiro aplicouse unha Enquisa de Valoración do Obradoiro de elaboración propia, na que se preguntou pola calidade do obradoiro, a eficacia de transmisión dos contidos e das temáticas do curso e se recolleron ademais suxerencias de cada unha das participantes para futuros obradoiros.

- **Saída ás Illas Cíes**: o 11 de xuño en colaboración co Parque Nacional das Illas Atánticas.

- **Programa "Fiando Redes"**:

O programa "Fiando redes" ten por obxecto fomentar o asociacionismo feminino e o empoderamento das mulleres, e así favorecer a súa socialización con outras do seu contorno, a creación de redes e o intercambio de experiencias e



sinerxías onde estas manifesten as súas inquedanzas e preocupacións. A través deste programa impulsárase a súa participación social e cultural e visibilizárase o traballo e o papel das profesionais que participan no programa. Realizamos un Scape room da igualdade o 24 de marzo nos locais da Deputación de Pontevedra.

- **“EN RUTA COA DEPO”:**

Saída cultural dentro do programa da Deputación “En ruta coa Depo” o 7 de xullo, na que se puido visitar diferentes parques naturais da provincia de Pontevedra.

- **“PASEO DE MULLERES”:**

Saída proganizada para potenciar a axuda mutua entre as usuarias da Rede, así como fomentar a horizontalidade entre as traballadoras e as usuarias. Realizouse o 27 de xullo na ETEA.

- **V XORNADA A “AUTOORGANIZACIÓN COMO RESPONSTA Á VIOLENCIA DE XÉNERO”.**

Celebrada o 16 de xuño na Oficina Municipal de Distrito Casco Vello.

Xornada para a reflexión e o debate entre colectivos. Co fin de coñecer as diferentes metodoloxías empregadas, o traballo dende a perspectiva de xénero e as liñas de intervención fundamentais de cara o futuro. Con estas xornadas queremos potenciar o coñecemento mutuo e a coordinación entre as organizacións para a consecución dunha sociedade libre de violencias baseada nunha xustiza real e efectiva.



O **programa** foi o seguinte:

10.00h.- Presentación

Dona Rosario Otero Rodríguez – Presidenta da Rede de Mulleres.

10.15h.- Mesa redonda. Colectivos participantes

“ Prevención e intervención con menores, retos actuais”

Fundación Diagrama. Raquel Cordeiro Ferreira e Mónica Crestelo Touceda.

Asociación Amino. Bibiana Araújo López

Fundación Amigó. Aroa González Álvarez

Consulting Asistencial Sociosanitario, S.L Lourdes Blanco Rodríguez

13.15 h.- Debate.

- CURSO “HUMOR POSITIVO”

Subvencionado pola Concellería de Igualdade dentro das subvencións para actividades de promoción das mulleres 2022.

A proposta dende o Curso Humor Positivo é potenciar nas participantes unha actitude activa de bo humor favorecendo a toma de consciencia para elixir a opción emocional máis axeitada a cada situación cotiá tendo como base a experiencia vivencial no curso dos beneficios da risa e o bo humor.

Tivo unha duración de 30h.



- **FORMACIÓN CON ADICAE:**

Levada a cabo o mércores 19 e 26 de Outubro, en horario de 11:00h a 13:00h, para tratar a defensa dos dereitos das consumidoras:

- Enerxía eléctrica: coñece a túa factura e aprende a reducilas.
- Aprende a comprar online con seguridade e protéxete das ciberestafas.

- **COLABORACIÓN CON ADICAM:**

Organización dun obradoiro para a detección precoz de cancro de mama, o 6 de outubro de 10.30h. a 12.30h. na Oficina Municipal de Distrito Caco Vello.

- **XI ENCONTRO DE MULLERES.**

Encontro dun fin de semana para a formación en xénero e o fomento do ocio co fin de potenciar as relacións non formais entre mulleres e a nosa participación social e política.

Venres 8 de outubro

16.30h. Chegada a Residencia de Panxón

18.00h. Inauguración a cargo de **Dona Susana López Abella**

Secretaria Xeral da Igualdade

18.30h. Ponencia de **Dona Ángeles Arias Miño**

"Violencia na adolescencia"

20.00h.- Cea.



Sábado 1 de outubro

9.00h.- Almorzo.

10:00h.-10:15h.: Presentación.

10:15h.-13:15h.: Obradoiros simultáneos

13.30h. Xantar

16.00h. – 19.00h. – Obradoiros simultáneos

19.00h.- Peche da xornada

Obradoiros

1.- Dona Tareixa Ledo Regal

“Contos de sabedoría para a resiliencia”

2.- Asoc. Apaioga

“Scape room pola igualdade: Pepa a Loba”

3.- Dona Ana Pérez Cardoso e Dona Bea P.f. LaranXeira

“Pensar as sexualidades!”

- SAÍDA CULTURAL Á OBRA DE TEATRO “AS QUE LIMPAN” DA COMPAÑÍA A PANADERÍA:


A experiencia acumulada na intervención con mulleres vítimas de malos tratos e os seus fillos e fillas pon de manifesto a importancia de ofrecerlles espazos de lecer que lles permitan afastarse das situacións vividas e favorecer así o seu proceso de recuperación. Por este motivo realizamos unha colaboración coa organización “Teranga”, para organizar unha saída cultural coas usuarias das dúas asociación, co obxectivo de fomentar o ocio e a axuda mutua entre as mulleres atendidas.




2.5.- REINCORPORACIÓN LABORAL:

O Servizo de Orientación laboral é transversal, conta con varios campos de acción dende os que guíamos a nosa intervención. En total neste ano fíxemos 50 itinerarios que abarcan dende o asesoramento, a orientación, formación e prospección laboral. Dentro dos servizos máis demandados encontrámonos con que o de orientación laboral, o asesoramento formativo e a prospección laboral son os máis demandados por parte das mulleres. No apartado de asesoramento laboral, do cal fíxeron uso del 20 mulleres para a revisión de contratos, nóminas, baixas de IT, e outras xestións contamos coa colaboración do Colexio Profesional de Graduados Sociais de Pontevedra.

Así mesmo, prestamos asesoramento e información para a preparación de oposicións a cinco mulleres que demandaron este servizo.



Das mulleres usuarias atendidas no Servizo de Orientación Laboral o 52% son de nacionalidade Española, seguida dun 12% de nacionalidade Colombiana, dun 10% de persoas de orixe peruano. En total atendéronse a mulleres de 12 nacionalidades diferentes.



No momento da presentación desta memoria atópanse traballando por conta allea 21 mulleres, que supoñen o 42% das mulleres participantes e 17 en busca activa de emprego. Neste intre encóntanse 4 mulleres participando en programas formativos ou ben, en formacións de distintas entidades (Fundación impulsarse, Beproject, CEP, etc.) ou ben, obtendo un título oficial, unha delas preparando oposición para o SERGAS.


Recentemente perderon o seu posto de traballo dúas mulleres e dúas delas están pendentas de procesos de selección. A duración dos contratos é moi temporal neste intre soamente temos tres mulleres cun contrato superior aos seis meses, e a xornada predominante é a parcial.





En canto á formación a maioría das mulleres contan coa titulación de FP1 ou Grao Medio, seguido das mulleres que teñen a EXB ou a ESO. Seis das nosas participantes contan cun FP2 ou o Ciclo de Grao Superior, e catro das nosas participantes teñen Grao ou Licenciatura contando dúas delas a maiores con Máster Universitario.


Dentro destes datos gustaríanos destacar que o 46% das mulleres teñen dificultades para poder homologar a súa titulación polo que acadar postos estables cun nivel de cualificación medio ou alto dificúltraselle.



Outra das dificultades que teñen as mulleres que acuden ao noso servizo é que o 56% das mulleres non teñen permiso de conducir o 44% restante indica que o permiso de conducción que teñen é tipo B, polo que a súa inclusión en localidades fora




de Vigo se complica. A maiores, teñen problemas para acceder a empresas sitas nos polígonos industriais porque non son compatibles os horarios das empresas cos servizos públicos de transporte.




Outro dato recabado é o relacionado coa discapacidade entre as mulleres atendidas, deste análise despréndese que o 88% non está pendente de ningún proceso de cualificación de discapacidade, dúas delas teñen recoñecido unha porcentaxe dun 33%, outras dúas unha porcentaxe superior ao 33% e as restante están pendente neste intre de resolución ou tramitación para a solicitude da incapacidade.




É relevante destacar que un 46% das mulleres indican que teñen problemas de conciliación laboral e familiar, isto afecta á súa búsqueda de emprego e posterior incorporación laboral así como a percepción de salarios baixos debido á procura de empregos a tempo parcial.



Por outra banda, das mulleres atendidas un 14% accedería a moverse xeográficamente para a consecución de emprego. As resposta a esta negativa de traslado debese a distintos factores. O mais importante é o da conciliación laboral, outros de eles a inseguridade e temporalidade dos traballos e o outro que se manifesta é a dificultade de conseguir alugueiros con traballos de tan curta duración.




As mulleres usuarias nun 48% teñen preferencia no horario de mañán, en contraposición a un 10% que ten preferencia de tarde é tan só un 2% con preferencia nocturna. Ademais un 40% no ten preferencia horaria e outro 12% aposta por horarios rotativos. É destacable que ninguna das mulleres usuarias desexa un horario partido, dato que evidencia as dificultades que teñen as mulleres para poder conciliar ou ben a dificultade a hora de desprazarse aos postos de traballo engadindo o coste económico que leva aparellado.




Á súa vez, un 54% das mulleres están inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego, fronte a un 46% que non. A maioría das mulleres que se atopan en situación legal de desemprego están inscritas coma demandantes de emprego pero nos atopamos con mulleres que se atopan sen permiso de traballo e non poden acceder a este Servizo Público polo que o seu medio de subsistencia se traduce en empregos de carácter sumerxido.






O 52% das mulleres que están inscritas en empresas de traballo temporal tamén están rexistradas en portais de emprego.




É de suma relevancia destacar que no caso das Axencias de Colocación só están inscrita un 6% de mulleres, supoñemos que isto se debe a un descoñecemento das mesmas. Todo isto ligado ao anterior dato indica que unha gran parte das mulleres recurren aos servizos públicos de emprego e aos portais webs na procura de emprego.





Dende o Servizo de Orientación Laboral, analizamos as ferramentas utilizadas polas nosas mulleres usuarias para a procura de emprego. O principal instrumento é o currículum vitae, este recurso se emprega por un 94% das usuarias, seguido dun 42% que utiliza webs de emprego de maneira regular e un 32% restante que recorre a redes sociais, así como dun 30% que se serve das APPS móbiles.



En relación aos sectores de búsqueda de emprego, o sector comercio é o que máis se demanda, sendo este sector a preferencia de 20 usuarias que buscan emprego nel (40%), seguido do ámbito sociosanitario cun total de 16 mulleres (32%). A continuación destacamos que o 22% das mulleres optan por sectores industriais ou lóxicos seguido polo sector de limpeza. En menor medida, as mulleres buscan emprego en limpeza (9 mulleres) , administración (3 mulleres) e estética (dúas mulleres). Outros sectores que despertan interese nas nosas participantes son a docencia, seis das nosas participantes están na procura deste posto de traballo.

Coma reflexión final indicar que neste intre as mulleres que se atopan traballando o fan principalmente en traballos relacionados co coidado e limpeza (COGAMI, ÉRGUETE, ASPANAEX, SERGAS, IBERCONSA, etc) e no sector Comercio (Carrefour, Koopera, Cáritas).

Ademais do traballo realizado de maneira persoal cas asistentes ao programa, fixéronse ao longo destes meses diversas accións grupais co fin de formar ás persoas que acoden a Rede de Mulleres no ámbito Xurídico Laboral e de RRHH.

En total fixéronse sete accións formativas separadas de dous bloques temáticos. O primeiro baseado na **preparación de entrevistas de selección** no que se estableceron as distintas modalidades de entrevistas.

Tamén se realizaron **preparacións de entrevistas laborais telefónicas** na que participaron 5 persoas, seguidas da **preparación de entrevistas presencias** con 4 participantes e o proceso de **entrevistas de selección mediante videoconferencia** (teams, zoom, skype, etc) co que contamos con sete asistentes á mesma.



No mes de outubro impartimos o **obradoiro de dereitos e prevención de riscos laborais** con perspectiva de xénero ca asistencia de catorce persoas.

No mes de novembro levamos a cabo dous obradoiros máis. O primeiro de **LinkedIn** coma ferramenta de búsqueda de emprego ca participación de 11 persoas e segundo de **Acoso Laboral** que contou con seis mulleres.

No obradoiros de LinkedIn fixemos un breve repaso do visto anteriormente nos talleres de entrevistas laborais pero facendo fincapé nas novas ferramentas para a búsqueda activa de emprego e así profundizar no establecemento na creación dunha rede de contactos profesionais.

No obradoiro de Acoso Laboral quixemos darlle ferramentas ás mulleres para poder detectalo e qué medidas se poden adoptar no suposto de encontrarse nunha situación de acoso laboral ven sexa esta por parte do empresario/a, dun/dunha compañeiro/a ou ben dun cliente ou inferior xerárquico.


O último obradoiro que se levou a cabo foi o de conciliación laboral co que lles facemos saber as mulleres vitimas de violencia de xénero os seus dereitos e a saber intepretalos dentro da normativa xenérica en materia laboral e nos distintos convenios colectivos.





ANEXO I
INTERVENCIÓNS REALIZADAS

NÚMERO DE INTERVENCIÓNS


NÚMERO TOTAL DE INTERVENCIÓNS	1851
NÚMERO DE MULLERES ATENDIDAS	251
ACOMPAÑAMENTOS	91




DATOS DAS NOVAS ATENCIÓNS




Con responsabilidades familiares



Ingresos





Outros: México, Uruguai, Suiza, Namibia, Italia, Paraguay, Brasil, Senegal,
Portugal, Illas Británicas, Arxentina, Nixeria.



ANEXO II

ANEXO GRÁFICO



Concentración en colaboración con Provivienda coa intervención de mulleres proceden tes de Afganistán





Scape room do programa "Fiando Redes"



Proxecto "Camiños ao bo trato"



PASEO DE MULLERES
27 DE XULLO
¿QUÉ SE FARÁ?
PASEO POLA ETEA E ZONA DA GUÍA
DINÁMICAS PARA COÑECERNOS

Inscripcións: 986 22 23 28 / 670 45 34 31
redemediadorasvigo@gmail.com

**PUNTO DE ENCONTRO ÁS 18H NA
PRAIA DA ETEA
(XUNTO AO CHIRINGUITO)**

Organiza

**ASOCIACIÓN REDE
DE MULLERES VECIÑAIS
CONTRA OS MALOS TRATOS
DE VIGO**

Subvenciona
**CONCELLO
DE VIGO**  
**concellería
de igualdade**

"Paseo de Mulleres"





"Scape room pola igualdade"



"A autoorganización como resposta á violencia de xénero"



V XORNADAS A AUTOORGANIZACIÓN COMO RESPONSTA Á VIOLENCIA DE XÉNERO

ENTIDADES
CONVIDADAS




XOVES 16 DE XUÑO

NA OFICINA MUNICIPAL
DE DISTRITO CASCO VELLO
RÚA OLIVA Nº12

INSCRIPCIÓN GRATUITA:
redemediadorasvigo@gmail.com

ORGANIZA



SUBVENCIÓN:



10.00H. - PRESENTACIÓN

**10.15H. - 11.45H.: CENTRO DE MENORES CASA DE QUINTÁN
LOURDES BLANCO RODRÍGUEZ**

"O CORPO COMO SITUACIÓN: A EXPERIENCIA CON ADOLESCENTES NUN RECURSO DE SAÚDE MENTAL"

11.45H. - 12.15H.: AMINO GALICIA: BIBIANA ARAÚJO LÓPEZ
"BOAS PRÁCTICAS NA PROTECCIÓN Á INFANCIA"

12.15H. - 12.45H.: FUNDACIÓN DIAGRAMA:
RAQUEL CORDEIRO FERREIRA E MÓNICA CRESTELO TOUCEDA
"PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN CON MENORES. RETOS ACTUAIS"

12.45H. - 13:15H.: FUNDACIÓN AMIGÓ: AROA GONZÁLEZ ÁLVAREZ
"PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN SITUACIÓNS DE CONFLITO FAMILIAR: VIOLENCIA FILIO-PARENTAL"

13.15H.: DEBATE



CURSO DE BENESTAR EMOCIONAL

"HUMOR POSITIVO"

CON PILAR LORENZO REPRESAS

MARTES E VENRES
10.30H.-13.00H.
COMEZO 14/06/2022
SEDE DEPO VIGO
RÚA EDUARDO CHAO, 17

INSCRICIÓN:

TELF. 986 22 23 28 // 670 453 431

redemediadorasvigo@gmail.com

Organiza:



Subvencionada:



FORMACIÓN
PARA PROFESIONAIS

poñendo LENTES

Obradoiro práctico para a prevención
do abuso sexual infantil

XOVES

22/09/ 2022


10.00H.-13.00H.

NA OFICINA MUNICIPAL DE
DISTRITO CASCO VELLO
(R/ OLIVA, 12)

INSCRICIÓN:

redemediadorasvigo@gmail.com

986 22 23 28 - 670 453 431



amino

CONCELLO
DE VIGO



FORMACIÓN PERMANENTE PARA VOLUNTARIAS


6 DE XULLO DE 2022
EN HORARIO DE 18:00H A 20:45H

O obxectivo principal é conseguir que as voluntarias posúan os coñecementos necesarios para seguir desenvolvendo habilidades que lles permitan un desempeño máis operativo das súas funcións e mellorar o proceso de contención e de comunicación psico-social coas mulleres en procesos de violencia e co entorno.

Actualizaremos os coñecementos e intercambiaremos experiencias entre as persoas voluntarias.

Inscripción: redemediadorasvigo@gmail.com
986 222 328 ou 670 453 431

ORGANIZA:



SUBVENCIONA:





Obradoiro "Poñendo os lentes"

XI
Encontro de Mulleres
ENCANTRO DE OCIO E FORMACIÓN

RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN
30/09/2022 E 01/10/2022

ÁNIMATE A PARTICIPAR! CONTACTA CONNOSCO AQUÍ:
REDEMEDIAADORASVIGO@GMAIL.COM
986 22 23 28 - 670 453 431
LUGAR: R/ OLIVA, 12 - 2º

ORGANIZADO POR:  ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO

SUBVENCIÓN DE:  XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral de Igualdade





Obradoiro formación laboral



Obradoiro autoestima



Asdo. Rosario Otero Rodríguez
Presidenta da Rede de Mulleres

